

# I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E FRASE CURTA



**No século XXI a igualdade é...**

Organiza:

**I.E.S. ROU**



Colabora:



## CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E FRASE CURTA

### “NO SÉCULO XXI A IGUALDADE É...

#### A. Convocatoria e participación:

A ANPA ROU convoca o **I Concurso de Fotografía e Frase curta de Igualdade**, invitando a participar ó alumnado do centro escolar IES ROU en todos os seus niveis educativos ESO, 1º Bacharelato e 2º Bacharelato a que compartan unha fotografía con un lema que mostre o que eles e elas consideran representativo de igualdade no noso século.

As imaxes irán acompañadas dunha palabra ou frase curta relativa o que o/a autor/a quere trasladar coa mesma.

Cada participante soamente poderá presentar unha obra.

As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non poden ter sido premiadas en concursos anteriores nin publicadas en ningún tipo de soporte.

A ANPA ROU resérvase o dereito a eliminar do concurso aquelas obras que induzan a calquera tipo de violencia ou que fagan publicidade de calquera tipo de marca ou negocio.

A falta de veracidade, a incorrección nos datos proporcionados polas persoas participantes, a falta de autoría ou orixinalidade permitirán á ANPA ROU decidir a exclusión do concurso.

As obras pasarán a ser propiedade da ANPA ROU, que adquirirá o dereito pleno á súa utilización.

As **19** fotografías **finalistas** serán expostas no Centro Comercial Travesía, na Travesía Galería espazo situado na planta -1 e na web [www.cctravesia.com](http://www.cctravesia.com) e redes sociais do centro comercial, así como nas redes sociais da Anpa. A través das redes sociais promoverase a participación para seleccionar unha das dúas obras gañadoras.

#### B. Requisitos para participar:

Ser alumno ou alumna do IES ROU de Vigo.

Enviar as fotografías en formato jpg e na máxima calidade posible, ao enderezo electrónico **[anpa.rou@gmail.com](mailto:anpa.rou@gmail.com)** indicando os seguintes datos:

- Asunto: I Concurso de Fotografía e Frase curta de Igualdade.

- Corpo da mensaxe:

- Nome e apelidos da persoa participante.
- Nome e apelidos da nai, pai, titora ou titor legal.
- “ No século XXI a igualdade é... (palabra ou frase proposta polo autor/a)
- Enderezo electrónico e teléfono de contacto da nai, pai, titora ou titor legal. (salvo en maiores de idade).
- A fotografía coa que se concurse enviarase adxuntado a este correo.

C. Prazos de participación.

O prazo de admisión de obras comezará ás 00:00 horas do día 1 de setembro de 2022 e rematará ás 24:00 horas do día **9 de outubro de 2022.**

As 19 obras finalistas elixidas polo xurado serán expostas na Galería do CC Travesía e no IES ROU.

D. Xurado:

As obras mostráranse ó xurado sen datos identificativos da súa autoría.

O xurado estará composto por:

- 1 Profesor/a dunha asignatura artística.
- 1 integrante da ANPA cuxos fillos/as non participen no concurso.
- 1 alumno/a integrante do Consello Escolar que non participe no concurso, en caso de que todos os integrantes participen proporase a un alumno/a de 2º de bacharelato que non participe.
- 1 integrante da xerencia do Centro Comercial Travesía.

E. Obras premiadas:

- Gañador/a elixido polo xurado: diploma acreditativo, fotografía impresa (pasado o tempo da súa exposición no CC. Travesía e no IES ROU), e vale de compra a utilizar en establecementos do CC. Travesía por importe de **60 €**, **importe que ascenderá a 90€ en caso de que o gañador sexa socio da Anpa**, vixente ata o 15 de decembro de 2022. Unha invitación dobre para usar en Cine Yelmo Travesía ata o 15 de decembro de 2022.
- Gañador elixido dende as redes sociais: diploma acreditativo, fotografía impresa (pasado o tempo da súa exposición no CC. Travesía e no IES ROU), e vale de compra a utilizar en establecementos do CC. Travesía por importe de **60 €**, **importe que ascenderá a 90€ en caso de que o gañador sexa socio da Anpa**, vixente ata o 15 de decembro de 2022. Unha invitación dobre para usar en Cine Yelmo Travesía ata o 15 de decembro de 2022.
- Accesit para o resto de finalistas: diploma acreditativo, fotografía impresa (pasado o tempo da súa exposición no CC. Travesía e no IES ROU) e unha invitación dobre para usar en Cine Yelmo Travesía ata o 15 de decembro de 2022.

A resolución do concurso darase a coñecer directamente a todas as persoas participantes e será publicada na web e redes sociais do organizador e colaborador.

A **entrega de premios farase no CC TRAVESÍA o 25 de novembro**, e publicaranse a través das redes sociais do centro comercial e da Anpa ROU.

Organización:

Colaboran:



IES ROU

